

Syra Alonso

Cronista da represión franquista

No ano 2000 chegan a Galiza desde México os *Diarios* de Syra Alonso despois de máis de medio século de exilio. Syra Alonso estaba casada co artista Francisco Miguel, con quen percorreu boa parte de Europa e América antes de establecerse en Galicia pouco antes do golpe do 36. Francisco Miguel foi detido, acusado de actuar contra o réxime militar golpista, e apareceu asasinado. Syra marchou cos seus fillos a México definitivamente.

Os seus diarios constitúen un dos máis estarrecedores relatos da represión desatada en Galiza despois do levantamento militar de 1936, un extraordinario texto literario e memorialístico contado coa intensidade do relato en primeira persoa.



Amparo Alvajar

Dramaturga e tradutora en organismos internacionais

Amparo Alvajar (A Coruña. 1916 – Monçao, 1998). Muller tradutora, escritora, directora teatral e funcionaria internacional que se tivo que exiliar despois do golpe militar. Amparo a través de toda a súa vida posuía unha imaxe moderna, audaz e tamén un tanto misteriosa, talvez porque agochaba unha intensa biografía en que a dor non estaba ausente.



Francisca Álvarez

Mestra e pioneira no mundo empresarial

Francisca Álvarez (1919-1975) fórmase como mestra e no ano 1946 contrae matrimonio. O seu marido vese obrigado a emigrar a Brasil, e nunca máis volverán verse. Decide montar unha tenda de víveres, non sen atrancos, polo feito de ser unha "viúva de vivo" e polo acoso dos caciques locais. Pero será moi apreciada polos veciños, pois apoiaba aos máis necesitados e dáballes acubillo a pobres e vagabundos.

Afianzado o negocio, quédalle por impulsar a súa outra vocación, o ensino, e abre unha escola en Cambre para nenas e nenos, e para persoas analfabetas en idade adulta.

Segue sendo lembrada por ser nai soa, docente, empresaria, consciente dos problemas sociais da súa época e vencedora, a pesar das dificultades, nunha época de homes e ditadura.



Ángeles Alvariño

Precursora na investigación oceanográfica mundial

Ángeles Alvariño (Ferrol, 1916 – San Diego, 2005). Destacada científica internacional, oceanógrafa; chegou a descubrir 22 especies novas de organismos mariños, os indicadores planctónicos para correntes oceánicas e para a pesca.

Os traballos científicos orixinais publicados por Ánxeles Alvariño alcanzan o centenar.



María Araújo

María, a Guerrilleira

Sindicalista que loitou pola igualdade do salario feminino. Así, no primeiro terzo do século XX loitou contra os armadores que pagaban baixos salarios ás mulleres en Vigo.

Cando estalou a Guerra Civil, María colabora co grupo guerrilleiro de Redondela, motivo polo que é detida un día cando volvía do monte, vai á cadea e con ela leva a súa filla. Anos máis tarde quedou en liberdade, grazas ás xestións do cónsul cubano, e inmediatamente saíu para Cuba onde continúa a súa loita revolucionara e defensa dos dereitos sociais das mulleres.



Concepción Arenal

Excepcional intelectual con acceso á cultura escrita desde a nenez

Pode parecer a anécdota da súa biografía, pero os problemas que Concepción Arenal (Ferrol, 1820 – Vigo, 1893) tivo para entrar na Universidade son o mellor resumo do seu espírito precursor. Solicitou o seu ingreso na Facultade de Dereito, pero tivo que acatar unha serie de condicións: só sería admitida nas clases como ointe e debía manter unha actitude "non-indecente", o que na práctica obrigouna a acudir ás clases vestida de home. A Universidade, daquela, prefería unha muller travestida a unha muller estudante.

Concepción Arenal deixou unha ampla bibliografía, que se agrupa, fundamentalmente, ao redor de tres grandes temas: as denominadas "cuestión social", "penitenciaria" e "feminina". A súa obra tivo repercusión internacional.



Xela Arias

Unha voz poética orixinal e inclasificable

En plena actividade creativa, a morte de Xela Arias dun ataque ao corazón conmocionou o mundo cultural galego en novembro de 2003. Tras exercer como pioneira da tradución ao galego, como docente, como activista, como profesional no ámbito da edición, quédanos a súa voz poética transgresora, extrema, sen xeración, sen grupo, unha desas voces singulares, inclasificables, que se constrúen nas marxes dos manuais.



As Marías

Mulleres de luz nunha Compostela gris

Cando Maruxa e Coralia, “as dúas en punto”, “as dúas Marías”..., saían á rúa a pasear vestidas coa roupa feita na casa, con teas de cores, alegres e vivas coma elas, os estudantes chamábanlles “liberdade, igualdade e fraternidade”. Pero tras a sublevación militar franquista de 1936, coa súa represión feroz, a súa familia sería represaliada. Chamábanlles “roxas”, tratábanas de “putas”. A fame estivo presente diariamente nas súas vidas a partir de entón.

Pero elas conseguiron crear un mecanismo de defensa para sobreviviren: tolearon, e na súa loucura recuperaron o soño da mocidade, escuálidas como se saísen dun campo de concentración, sen dentes, vestíronse de luz e cor e, profusamente maquilladas, saían todos os días, á mesma hora, ás dúas en punto.marcada polas badaladas da Catedral.

Son quizais as mulleres máis retratadas de Compostela, grazas á súa estatua, situada na alameda compostelá.



Felicia Auber

Xornalista e defensora da educación da muller no século XIX

O pai viuse obrigado a exiliarse en Cuba e alí criouse ela, que desde nova comezou un destacado labor de xornalista, preocupándose especialmente polas súas lectoras femininas.



María Balteira

A máis sonada soldadeira da época medieval

As soldadeiras eran mulleres adscritas á Corte que tiñan como oficio cantar e bailar e recibían por iso unha soldada, de aí o nome. Nas ilustracións do Cancioneiro de Ajuda aparecen danzando, tocando as castañetas ou o pandeiro na compaña do xograr que tanxe unha guitarra ou unha viola.



María Barbeito

Pioneira da renovación pedagóxica no primeiro terzo do século XX

Profesional e humana, concedía grande importancia ás relacións persoais: o diálogo, a cordialidade, o compañeirismo, o respecto, presidiron o seu traballo na comunidade educativa. Paralelamente ao traballo docente realizou un importante labor social. Un dos problemas máis reiterados nas súas publicacións é o da relación entre a saúde física e mental das criaturas.

Así mesmo, foi unha firme defensora dos dereitos das mulleres e traballou pola súa emancipación social, cultural e profesional.



Isabel Barreto

Exploradora e navegante. A primeira almiranta coñecida no mundo (séc. XVI)

A primeira almiranta do mundo era galega. A súa pertenza á nobreza converteuna nunha das escasas mulleres que naqueles anos tiñan capacidade de viaxar. Isabel Barreto sabía ler e entendía o latín, o que lle permitiu acceder a mundos prohibidos para as demais mulleres.

En 1595 parte de Perú, xunto co seu home Álvaro de Mendaña, tamén galego, nunha expedición de catro navíos e 400 homes. Durante a travesía morre o seu home, polo que Isabel se ve obrigada a tomar o mando. Despois de sufocar motíns e disidencias, continúa a viaxe, reconduce a expedición e arriba primeiro ás illas Marquesas, no Pacífico, e logo ás Filipinas.



María Cagiao

A pintora das flores

María Cagiao (1920-1971) nace na Coruña, pero a maior parte dos seus anos transcorrerán en Oleiros.

Realismo, precisión, refinamento e beleza son as características da súa pintura. A temática da súa obra pictórica é variada: reflicte paisaxes, retratos, bodegóns e, sobre todo, flores. Sábese que participou en exposicións realizadas en cidades galegas, como A Coruña ou Vigo, e noutras cidades como Salamanca, Madrid, Oviedo, León, Málaga ou Valencia. A súa obra atópase espallada por diversos países: Arxentina, Cuba, España, Estados Unidos, Inglaterra, Italia...



Emilia Calé

Prolífica autora e unha das primeiras colaboradoras na prensa galega do século XIX

É un caso excepcional de produción literaria ao tratarse dunha muller da súa época, xa que participou en todos os xéneros literarios, conseguiu maior sona como autora de poesía (de feito algunha das súas obras coñeceu máis dunha edición) e gustáballe cultivar os ambientes literarios.



Juana Capdevielle

Intelectual republicana, paseada en 1936

Juana Capdevielle (1905-1936), muller culta e progresista, vinculada formativamente a José Ortega y Gasset, de quen foi alumna, e a María Zambrano. Casada con Francisco Pérez Carballo, político de Izquierda Republicana e gobernador civil da Coruña.

Cando tivo lugar o levantamento militar de 1936, o seu home e mais ela foron asasinados.



Sofía Casanova

A primeira correspondente de guerra

Sofía Casanova (Culleredo, 1862 – Poznan, Polonia, 1958). A súa produción literaria, de narrativa, poesía e teatro é inmensa, pero destacamos a súa obra como xornalista e cronista por ser a primeira muller galega correspondente de guerra. Viviu acontecementos como a loita das sufraxistas en Inglaterra, o desenvolvemento do sindicalismo, a formación do Partido Bolchevique na Rusia tsarista, a guerra do Rif (Marrocos) e a Semana Tráxica de Barcelona; pero sobre todo, as dúas guerras (a Primeira e a Segunda Guerra Mundial) e a persecución dos xudeus polo réxime nazi no gueto de Varsovia.



María Casares

Actriz. Musa do existencialismo

Lendaria actriz de teatro e cine, residía en Francia por ser filla de Santiago Casares Quiroga, quen fora Ministro e Xefe de Goberno da República durante o goberno de Manuel Azaña.

Interpretou as traxedias de Shakespeare, Victor Hugo, Chéjov, Ibsen, Eurípides... Protagonizou varias obras escritas por Camus, con quen mantivo unha intensa relación ata que el morreu, e tamén obras de Sartre, Jean Anouilh, Cocteau, Genet, etc, converténdose en musa do existencialismo francés. No cine traballou con Marcel Carné, Robert Bresson e Jean Cocteau, entre outros, e fíxose moi popular a nivel internacional.

Os premios do teatro galego levan o seu nome.



María Castaña

Unha rebelde do século XIV que se converteu nunha lenda popular

Fins do século XIV. Despois de anos de loitas, con destrucións, incendios, violacións, roubos..., cando parecía que chegaba a paz, os novos señores impoñen novas contribucións para enriquecerse axiña, cheos de cobiza e de poder. María Castaña, xunto coa súa familia e con outras moitas mulleres e familias coma eles, encabezou unha revolta contra o señor feudal, frei Pedro López de Aguiar, bispo de Lugo.

Un episodio máis das numerosas loitas que as mulleres levaron a cabo no mundo feudal na defensa do pan, da alimentación dos seus e da paz.



Placeres Castellanos

Unha galega na Resistencia contra os nazis

Placeres Castellanos (1896-1971), muller de ideoloxía comunista, participara activamente en política durante a República, o que tivo que "pagar" durante o alzamento fascista de 1936: o seu home e tres fillos foron fusilados. Embarca rumbo ao sur de Francia, onde permanecería en campos de internamento. Alí entrou en contacto coa Resistencia francesa, e pasou a ser a guerrilleira de enlace da III Brigada de Guerrilleiros.

Combateu o fascismo por ideoloxía e compromiso político co convencemento e, sobre todo, coa esperanza de que Franco caese con Hitler e Mussolini. O tempo veu a defraudar esta esperanza de poder regresar a Galiza. O seu activismo feminista levouna a representar a Marsella, onde traballaba como xornalista, no Congreso Internacional de Mulleres que se celebrou en París en novembro de 1945.



Pilar Castillo Sánchez

Pianista de sona nos comezos do século XX

Sabemos apenas nada desta pianista de proxección internacional no comezo do século XX. Foi profesora de piano e autora de dúas composicións breves, Durme, unha nana para voz e piano e, Maruxiña, unha muiñeira en que musica o poema de Pondal do mesmo nome.



Inés de Castro

Un amor que perdurou tras a morte (séc. XIV)

En 1340 Inés acompaña á súa prima Constanza á Corte portuguesa, pois esta ía casar co infante Pedro I, fillo do rei Afonso e primo segundo de Inés. Conta a lenda que Inés e Pedro fican engaiolados un do outro con só se coñecer, e inician a súa historia de amor, chea de atrancos.

Despois da morte de Constanza en 1345, a parella terá catro fillos: os infantes Afonso (que morrerá ao pouco de nacer), Joao, Dinís e Beatriz; pero a súa convivencia verase perturbada pola continua oposición dos reis. Finalmente Inés será axustizada e degolada en 1355, ante a presenza dos seus fillos. En 1357 Pedro herda o trono e xura a declaración de Cantanhede, na que afirma que un ano antes Inés e mais el foran desposados en segredo, polo que lle outorgaba á xa finada Inés de Castro o rango de raíña.




Rosalía de Castro

A voz máis universal das nosas letras

Rosalía de Castro (1837-1885), que teimou contracorrente en "falar das causas da nosa terra na nosa lingua" é a muller sobre a que se constrúe a literatura galega contemporánea, cos seus poemarios *Cantares gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880).

Dotada dunha especial sensibilidade para sintonizar literariamente cos menos afortunados e para vibrar coas "innumerables coitas das nosas mulleres", quizais porque a súa non foi unha vida fácil, Rosalía sería ata os nosos días nai, musa, santa, bandeira e mito fundacional da nosa cultura. Pero sería algo máis que a figura estereotipada de "nai" ou "santiña"; tamén foi a denunciante dun sistema social que lexitimaba radicais desigualdades de clase e de sexo.



Rosa María de Castro

Condesa de Lemos (séc. XVIII)

No século XVIII o confinamento das mulleres ao ámbito do privado afastábaas da posibilidade de intervención pública no campo cultural, político ou económico. Así e todo, unha minoría de mulleres da alta nobreza conseguiron articular mecanismos concretos para inhibir estas dinámicas de control da súa participación pública; entre estas mulleres está a XII condesa de Lemos.

A súa pertenza á alta aristocracia permitiralle acceder ao posto de «camareira-maior» da raíña, cargo que, alén de ter un importante valor simbólico, funcionaba como un verdadeiro cargo político, posto que tiña a responsabilidade da decisión de aproximar ou distanciar unha determinada familia nobre da protección dos monarcas.



Carmen Cornes

Loitadora polos desaparecidos da ditadura arxentina

Natural do Salnés, apenas puido aprender a ler e escribir porque tiña que traballar na casa e en 1928 con 16 anos emigra sen máis á Arxentina. Alí casou e tivo un fillo que participou nos movementos de protesta social cando estudaba na Universidade, sendo represaliado polo poder. Carmen nunca deixou de reclamar ao seu fillo desaparecido, foi detida e pasou anos na cadea aínda que finalmente a soltaron sen cargos. Ela contribuíu moi activamente a organizar as reclamacións dos familiares dos desaparecidos na Arxentina por causa da ditadura.



Clara Corral Ayer

A segunda autora que publicou obra en galego no século XIX

Clara Corral Aller (1847-1908) é unha das poucas voces de muller que publicou algún texto en galego durante o século XIX.

Dela conservamos hoxe, basicamente, poemas aparecidos na prensa da súa época. Cómpre mencionar como especialmente salientables as tres composicións que escribiu en galego e que publicou en 1879: «O ben na terra», «Lonxe vai miña alegría» e «O día de San Antón», poemas de temática amorosa e elexíaca. Convértese así na segunda muller, da que temos hoxe noticias, que publicou algún texto en galego na historia da nosa literatura.

Aparece na listaxe de correspondentes da primeira nómina da Real Academia Galega en 1906.



María Corredoyra

Pintora, membro do Seminario de Estudos Galegos

María Corredoyra (1893-1970) foi unha das pintoras menos célebres da Xeración de 1916 por varias razóns: por non existir parentes directos que difundisen a obra tras o seu pasamento, pola chegada das vangardas e a ruptura que iso supuxo nas artes e, sobre todo, por ser muller, xa que as condicións socioculturais da época non eran as máis adecuadas para a formación das mulleres nin para o seu desenvolvemento como artistas, considerándose á muller pintora ou dedicada ás artes como algo secundario.

Entre 1923 e 1926 ten a maior actividade expositiva, e en 1929 será nomeada membro do Seminario de Estudos Galegos.

A súa última exposición tivo lugar na Coruña en 1966. Catro anos despois falece e cae pouco a pouco no esquecemento.



Luísa Cuesta Gutiérrez

A última directora republicana da Biblioteca Nacional

Luísa Cuesta (1892-1962) pertenceu ao Corpo Facultativo de Arquiveiros e Bibliotecarios, tendo como primeiro destino a Biblioteca Universitaria da USC, onde permanecerá ata 1930, tempo no que mantén relacións co Seminario de Estudos Galegos.

No ano 1930 destínana á Biblioteca Nacional de Madrid (BN). Co alzamento do 36 contra a República, a BN convértese nun obxectivo da aviación fascista. Nesta situación, é nomeada directora da sitiada BN en 1937. Pero a vitoria franquista comporta un proceso de persecución e purga, e acúsana de contraria ao Movimiento Nacional e comunista, polo que se lle abre un expediente.



María Antonia Dans

O naturalismo na pintura

M.ª Antonia Dans foi unha muller adiantada ao seu tempo, capaz de asumir o reto dunha modernidade e unha independencia que a penas se lle permitía a unha muller no panorama da posguerra española.
Pintora dunha temática profundamente enraizada en Galicia, non se deixou influír polas tendencias abstractas que dominaban o panorama da arte e plasmará con inxenuidade e colorismo a campiña e os labores do campo. O seu estilo obterá o recoñecemento da crítica e a súa lista de exposicións, bolsas e premios será extensa.



Filomena Dato

Escritora e defensora das mulleres a finais do século XIX

Deuse a coñecer gañando un premio co seu poema "En defensa das mulleres", onde figuraban por primeira vez, ao lado de mulleres ilustres de todos os tempos, galegas como María Pita e Rosalía de Castro.

Mantivo amizade con Sofía Casanova, con Emilia Pardo Bazán, Fanny Garrido e outras intelectuais coetáneas, compartindo as súas inquedanzas feministas. E, como elas, participou activamente na vida literaria da época. Foi unha poeta profusamente premiada e unha das voces máis sobranceiras do feminismo galeguista de entre séculos. De feito é a segunda escritora, logo de Rosalía, que publica un libro en galego no século XIX.



María Dios

Unha independente e polifacética mestra

As condicións socioculturais do derradeiro terzo do XIX en Galicia impediron que a vocación artística de moitas mulleres se desenvolvese debidamente. Así se explica que María Dios sexa case descoñecida, a pesar de ter gran formación e dotes artísticas.

Natural da Pobra do Caramiñal, traslládase a Santiago para formarse en pintura, música e francés. Exercerá como docente de debuxo na Escola de Artes e Oficios da Pobra, onde ten como compañeiro a Díaz Valiño (pai de Isaac Díaz Pardo); alí daralle clase a Castelao.

No terreo persoal María é tamén unha abandeirada. Nunha época en que as mulleres estaban circunscritas ao coidado da casa e ás obrigas matrimoniais, a pesar dos prexuízos sociais existentes daquela e do seu vínculo familiar cun sacerdote, decidiuse a ser nai solteira.




Ilduara Eriz

A condesa galega do alto medievo

Foi unha das principais e máis cualificadas aristócratas da centuria do novecentos. Así é definida nos estudos que máis datos achegaron sobre a vida desta condesa dos séculos IX-X, que se presenta como a muller da aristocracia galega que conta co máis elevado número de noticias por ese tempo.

Deixou Ilduara a pegada dunha condesa do medievo que ben podería ter representado toda unha elite da aristocracia feminina galega ata o século X.



Exeria

A primeira escritora galega con textos coñecidos?

Exeria foi unha das primeiras peregrinas cristiás, pois viaxou á Terra Santa dende Gallaecia contra o ano 381. Deixou escrita a súa experiencia no *Itinerarium ad loca sancta.*

Dela sabemos polo monxe Valerio do Bierzo, quen, no ano 680, dá conta dunha muller "máis forte que todos os homes, chea do espírito de Deus, que emprende con todas as súas forzas e corazón intrépido unha longuísima viaxe...".



Elena Fernández

A primeira galega xuíz internacional de regatas

Elena Fernández (Lugo, 1987) naceu na cidade das Murallas, pero isto non foi impedimento para que se namorase do mar. É a persoa máis nova da historia en converterse en xuíz internacional de regatas (con tan só 21 anos).



Elisa e Jimena Fernández de la Vega

As primeiras médicas formadas na USC

Elisa (1895-1933) e Jimena Fernández de la Vega (1895-1984), médicas e investigadoras xemelgas, probablemente foron as primeiras mulleres matriculadas na Universidade de Santiago. A "fazaña" destas dúas mulleres culminando os estudos de medicina en 1919 obtería unha recompensa oficial: a concesión da Gran Cruz de Alfonso XII por méritos académicos. Ampliarían os seus estudos en Alemaña, Suíza e Austria.

O feito de que estas médicas fosen doutorarse e especializarse a Madrid, sen principiar a década dos anos 20 do século pasado, fai que sexa un fito na historia da muller e da medicina.



Patricia Ferreira

Directora de cine

A partir de finais da década dos 90, as películas de Patricia Ferreira estarán ambientadas en Galicia. É o caso de *Sé quién eres* (2000), unha longametraxe que conta a historia dunha psiquiatra que traballa nun hospital galego.

Logo virían *El alquimista impaciente* (2002), *El secreto mejor guardado* (2004), pertencente ao documental colectivo *En el mundo a cada rato*, que trata temas como os dereitos da infancia no mundo, a educación das nenas, a loita contra a sida, a protección dos menores contra a violencia e a explotación laboral. Do 2005 é *Para que no me olvides.*



Lorena Freijeiro

A primeira muller licenciada en instrumentos tradicionais e populares galegos

Lorena Freijero, viguesa de 24 anos, graduouse no Conservatorio Superior de Música de Vigo na licenciatura de gaita. Algo que a simple vista parece un simple título, é en realidade todo un fito histórico, xa que é a primeira muller que consegue graduarse nesta especialidade en toda Galicia.



Joaquina García García

Deseñou os primeiros traxes impermeables para os mariñeiros.

Joaquina García García (1879-1939) era filla dun mariñeiro de Porto do Son e sempre se preocupou polas condicións laborais dos mariñeiros da súa vila. Por iniciativa propia comezou a experimentar con distintas mesturas de tecidos ata que logrou o primeiro "traxe de augas", con tanto éxito que non daba feito os encargos e montou a súa propia fábrica, destacando tamén como empresaria.



Lupe Gómez

A poeta da provocación libertaria

Representante da eclosión poética feminina-feminista da década dos 90, xunto con outras autoras como Olga Novo, Marta Dacosta, Iolanda Castaño, Ana Romaní, Enma Couceiro, María Lado... Intentan revisar, desde o punto de vista da muller, certos aspectos culturais, a visión feminina do erotismo e da sexualidade...

Lupe Gómez, partindo sempre dun espírito de provocación libertaria, constrúe unha poética de liña clara, vital, transgresora, sincera… Algunhas obras súas: *Pornografía, Os teus dedos na miña braga con regra, Levantar as tetas, O útero dos cabalos...*



María Purificación Gómez González

A única muller alcaldesa na Segunda República

Mª Purificación Gómez González (1905-1986) presentouse ás eleccións municipais o 16 de febreiro de 1936, por Izquierda Republicana, e na votación do 14 de marzo converteuse na primeira alcaldesa da Cañiza e na única muller alcaldesa na Galicia do 36.

Coa sublevación militar franquista, esta alcaldesa republicana sería xulgada en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Esta sentenza foi suspendida temporalmente por embarazo e, posteriormente, conmutada por cadea perpetua.



Corona González

Escritora ocasional preocupada pola emigración e a educación das mulleres

Nun momento (inicios do século XX) en que as voces de mulleres nos xornais e revistas eran moi escasas, por non dicir inexistentes, Corona González escribe varios artigos no semanario *A Nosa Terra* nos que aborda diversas temáticas. Dúas serán predominantes: a emigración/saudade de Galicia e a necesidade da educación das mulleres.

Un bo número das súas apreciacións son claramente pioneiras nesa altura. Afonda, sobre todo, na necesidade de que as mulleres teñan acceso á educación regrada. O emprego habitual nos seus textos de expresións como "homes e mulleres", "fillos e fillas" e "nenos e nenas" reflicte xa unha sensibilidade especial e moi innovadora na época.




Francisca Herrera

A primeira académica electa da RAG

Poeta e narradora, pertencía a unha familia da burguesía acomodada e tivo a formación propia dunha muller do seu medio no séc. XIX. De nova coñeceu a Rosalía de Castro, quen lle influiría moito, e Murguía prologaría o seu segundo poemario.

En 1945 a Real Academia Galega elíxea membro numerario, sendo a primeira muller merecedora de tal distinción. En 1987 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.



Xosefa Iglesias Vilarelle

Autora do primeiro texto didáctico en galego

No transcorrer da terceira década do século XX e da man da efervescencia cultural e social impulsada polo galeguismo da época, nace en 1932 o primeiro texto didáctico escrito en galego. Este Método de lectura, que ten como honra inaugurar este tipo de publicacións escolares en galego, nace da pluma dunha muller que imparte escola en Pontevedra; a "Mestra de Mourente", Xosefa Iglesias Vilarelle.



Mª Francisca de Isla y Losada

Muller de letras na Ilustración

Mª Francisca de Isla y Losada (1734-1808) nace en Santiago no seo dunha familia acomodada. Era coñecida co apelativo de "Musa Compostelá" e, nuns tempos nos que ás mulleres lles estaba prohibido o acceso ás aulas universitarias, é distinguida pola Academia de Belas Letras de Lisboa.

Cultiva a relación cos fundadores da Real Sociedad Económica de Amigos del País (1784), pero non pertence á esta sociedade porque estaba vetada para as mulleres (o debate sobre o seu ingreso vaise producir un século despois). Dentro deste mundo de relacións culturais hai tres persoeiros que destacan: o Padre Isla, A. Cernadas de Castro –o Cura de Fruime– e o arcebispo Bocanegra. Todos eles están moi presentes nas diversas vertentes da produtividade de María Francisca: a poético-literaria, a epistolar e a editorial.



Chus Lago

Montañeira. A primeira española que subiu o Everest sen axuda de osíxeno artificial

Chus Lago (Vigo, 1964) alcanza o cumio do Everest en 1999, sendo a primeira española en conseguilo e a terceira no mundo. Na expedición só contou coa axuda dun escalador tibetano.

No ano 2004 terminou o seu proxecto "Leopardo das neves", título outorgado aos deportistas que conseguen coroar os picos máis altos da extinta Unión Soviética; é a única muller viva que ostenta ese título. En xaneiro de 2009 converteuse na primeira española en alcanzar o Polo Sur tras 59 días de travesía en solitario a través da Antártida.



Menchu Lamas

Pintora

Menchu Lamas (Vigo, 1954) é probablemente a artista galega de maior proxección internacional. Integrante, dende 1980, do Grupo Atlántica, que propón unha renovación da arte.

Traballa con grandes formatos, nos que a pincelada é en realidade un brochazo, e son comúns na súa obra as imaxes de culturas exóticas e primitivas.



Andrea López Chao

Unha mestra galega na emigración

Dentro dos escasos ámbitos de ocupación que as mulleres puideron desempeñar ao longo da historia, alén do ámbito puramente doméstico, a docencia foi un dos máis sobranceiros. Presentamos deseguido algúns trazos biográficos e documentos dunha mestra galega vinculada ao mundo da emigración galega en Cuba. Andrea López Chao foi docente no Centro Gallego da Habana, ademais de ocupar relevantes cargos dentro do movemento societario galego da capital de Cuba. Participou tamén no activismo feminista cubano.



Carmen López-Cortón

Unha institucionista preocupada pola educación das mulleres

Carmen López-Cortón (Bergondo, 1866 – Madrid, 1938) educouse en Madrid na Institución Libre de Enseñanza. Viaxou a Londres para ampliar coñecementos, e máis tarde por toda Europa. Inclinouse cara aos temas pedagóxicos, educativos e sociais, entre os cales mostrou grande interese pola educación das mulleres.

(Juan Ramón Jiménez dedicoulle en 1920 unha semblanza poética, "Y Carmen", en *Españoles de tres mundos.*)



Rita Amparo López Jeán

Activista política na Coruña da Segunda República

Rita Amparo López Jeán (1885-1942), muller de ideas avanzadas, pertenceu ao Partido Galeguista (foi a primeira muller na Coruña en militar nesa organización) e á Agrupación Republicana Feminina da Coruña, da que foi secretaria e presidenta.

Os fins desta Agrupación eran contribuír ao triunfo da paz e da fraternidade humana, da xustiza social e da democracia; defender os dereitos femininos e traballar pola consecución dos aínda non recoñecidos; impulsar a cultura, especialmente a feminina; practicar a asistencia social; establecer, se se considerase conveniente, formas de mutualismo e cooperación, e procurarlles recreo e lecer ás asociadas por medio de concertos, recitais, proxeccións, excursións...

Co alzamento fascista de 1936, vese obrigada a exiliarse en Francia.



Pura Lorenzana

Historiadora e inspectora de ensino medio

Pura Lorenzana (1907-1997) pertenceu a ese escaso dez por cento de mulleres galegas que no primeiro terzo do século XX cursou estudos universitarios. Estudou Filosofía e Letras e Dereito na Universidade de Santiago, anos nos que pertenceu ao círculo de universitarios que se movían arredor do Seminario de Estudos Galegos. Formou parte tamén da Asociación Nazonalista de Santiago.

Despois da guerra civil impartiu clases de Xeografía e Historia no Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, do que foi directora, e na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade compostelá. Desenvolveu tamén unha intensa actividade no campo da reforma do ensino medio, e contra 1956 obtivo praza de inspectora.



Maruja Mallo

A máis famosa pintora galega do século XX

Natural de Viveiro, destacou como pintora surrealista relacionándose con outras personalidades destacadas do momento como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Luis Buñuel, María Zambrano, Rafael Alberti, Miguel Hernández, Ortega y Gasset, etc. Desgraciadamente coa Guerra Civil tivo que exiliarse a Arxentina, e coa ditadura neste país optou por regresar a España, xa nos anos sesenta, onde continuou o seu labor malia ser unha descoñecida no seu país. Nos anos noventa afortunadamente puido recibir varios galardóns artísticos e o xusto recoñecemento da súa obra.



Marcela e Elisa

Un matrimonio entre mulleres en 1901

Marcela e Elisa coñecéronse a mediados da década de 1880 na Escola de Maxisterio da Coruña. Entre elas foise establecendo unha íntima amizade, que axiña se converteu en amor. Os pais de Marcela fixeron o posible para afastar a súa filla de Elisa, e enviárona a Madrid un tempo, mais os seus esforzos resultaron inútiles.

En 1888 inician a súa andaina como mestras. Deciden vivir como "home e muller" e Elisa transfórmase en Mario: corta o pelo, viste roupa de home, fuma... Casan pola igrexa en xuño de 1901. Pero descóbrese o engano e vense obrigadas a fuxir. Diríxense á cidade portuguesa do Porto, onde viven tranquilas un tempo ata que son detidas pola policía, a petición da xustiza coruñesa, mais as autoridades portuguesas negáronse a entregalas sen unha petición formal de extradición, que acabará chegando, polo que tiveron que fuxir de novo, esta vez con destino a Bos Aires.



María Mariño

Poeta. A “Dinamiteira da Fala”

María Mariño (1907-1967) nace en Noia, pero pasará case toda a súa vida no Courel, onde coñece a Uxío Novoneyra, quen promove a publicación do seu primeiro libro, *Palabra no Tempo* (1963).

Sen apenas relacións no mundo literario, o illamento e a marxinalidade que caracterizou en moitas ocasións o labor creativo das mulleres condicionou a recepción da súa obra, mesmo chegou a suscitar nalgún momento dúbidas sobre a súa existencia e a autoría dos poemas. A súa escrita caracterízase por unha poética radicalmente intimista e unha linguaxe rupturista.



Urania Mella

Presidenta da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo

No Vigo dos anos trinta Urania Mella Serrano erixíase como a presidenta da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo, sección española de "Mulleres contra a guerra e o fascismo" creada pola Internacional Comunista tras o triunfo hitleriano en Alemaña.

Este labor veríase truncado coa chegada do golpe militar en xullo do 1936. Ela principalmente era o obxectivo das autoridades rebeldes pola traxectoria progresista dos seus apelidos unida á súa incansable tarefa sociopolítica dende o barrio de Lavadores. Despois de fuxir a parella a Redondela nun intento desesperado de salvar as súas vidas, serían detidos e condenados á pena de morte...



Rosalía Mera

Empresaria

Creadora xunto a Amancio Ortega do imperio Inditex, é unha das mulleres máis ricas de España, pero viaxa en clase turística e levou a súa filla a un colexio público. Preside tamén a fundación Paideia, que traballa pola inclusión de diminuídos psíquicos e outros colectivos en situación de exclusión social.



María Miramontes

Unha das defensoras do Estatuto de 1936

María Miramontes (1895-1964), modista de profesión, milita dende moi nova nas Irmandades da Fala, e formará parte da súa xunta directiva. Nestes ambientes republicanos, progresistas e galeguistas coñece a Ánxel Casal. A parella non só mantén a súa vida en común senón que promove múltiples iniciativas do nacionalismo e da cultura de Galicia: a editorial Lar, a editorial Nós, unha escola aberta e popular con ensino bilingüe e educación progresista e laica...

Militante do Partido Galeguista, María participará activamente na campaña de apoio ao Estatuto de 1936. Tras a sublevación militar franquista, o seu home será asasinado e ela vese obrigada a coller rumbo cara ao exilio en Bos Aires.



Anisia Miranda

Escritora

Anisia Miranda (1932-2009), cubana de nacemento, filla de emigrantes ourensáns, casou en 1957 con Xosé Neira Vilas, e da súa man entrou na literatura galega. Mesmo dende a Cuba revolucionaria (onde residiron entre 1961 e 1992), a súa obra desenvolveuse en galego, moitas veces dirixida a un público infantil: *Pardela amiga*, *Cantarolas*, *Os contos de Compay Grilo*, *A primeira aventura*, *A casa dos títeres*, *A volta do Compay Grilo*...

Xunto con Neira Vilas fundou a editorial Follas Novas na capital arxentina, e en Cuba crean a sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística cubano, dedicado á recuperación da memoria de Galicia naquel país.



María Luz Morales

Unha das primeiras mulleres que dirixen un medio de comunicación

Mª Luz Morales (A Coruña, 1898 – Barcelona, 1980). Máis de medio século de dedicación profesional convértena nunha muller de referencia na historia do xornalismo. Pioneira, vangardista, inauguradora de xéneros, Morales é, sen dúbida, unha figura impoñente e sorprendente que goza dunha traxectoria que ten, entre outros méritos, o de ser a primeira muller que dirixe un xornal no Estado español xa que estivo á fronte de *La Vanguardia* no seu período máis difícil, durante a guerra civil de 1936.



María Victoria Moreno

A reivindicación da literatura infantil e xuvenil

Mª Victoria Moreno (Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005). Como profesora, afanábase na procura dun método de ensino no que prevalecese o gozo que supón a aprendizaxe. Fronte ás prohibicións, a censura e o medo, María Victoria ofrecía liberdade e xogos.

Entre as súa moitas obras destacamos *Anagnórise* (1989), unha das obras de maior éxito da literatura xuvenil galega.



Francisca Morlán, "Pancha"

Unha mestra que loitou por ensinar

Viviu sempre en Sada, a pequena de cinco irmáns, fillos de pai emigrante. A súa ilusión sempre foi ensinar e tras suspender os exames para mestra decidiu montar unha escola no baixo da súa propia casa. Os peores problemas atravesounos trala Guerra Civil, pois foron moitos os intentos de pecharlle a escola e moitos os libros que lle mandaron queimar aínda que nunca o fixo, xa que despois de morta se encontraron estes libros no faiado da súa casa, onde seguiu ensinando ata a súa morte pasados os oitenta anos.



María Muñoz de Quevedo

Pioneira dun novo período da cultura musical cubana

Tras realizar estudos en varios conservatorios de España, casa e vai de lúa de mel a Cuba, decidindo quedar a vivir alí. Directora de varios conservatorios, compositora, pianista, profesora, articulista, conferenciante, promotora cultural e colaboradora con importantes institucións e intelectuais, fundou por exemplo a *Sociedad Coral de La Habana*, o máis antigo organismo coral de Cuba, para divulgar a gran literatura coral europea e estimular a creación da música coral cubana. María Muñoz incluiu no seu repertorio cancións galegas xa desde o concerto inaugural.



Sofía Novoa

Especialista musical ao servizo da educación republicana

Sofía Novoa (1902-1987) inicia os estudos en Vigo e acaba en Madrid a carreira de solfexo, harmonía e piano en 1925, con premio extraordinario. Perfecciona os estudos en Lisboa e Madrid. Foi profesora da Institución Libre de Enseñanza republicana. Presidiu a xunta directiva da Asociación de Alumnas e propiciou que se ampliase o campus feminino, co que se incrementou o número de alumnas. Tras a guerra civil vese obrigada a marchar cara ao exilio americano. Nos EE.UU. será directora do Departamento de Español no Vassar College (Nova York).



Mercedes Nuñez

Sobrevivinte do campo de concentración de Ravensbrück

Activista contra o fascismo en varios ámbitos de actuación, foi encarcerada polo réxime franquista e posteriormente fuxiu a Francia, onde combateu coa resistencia á ocupación nazi. Capturada pola Gestapo, foi enviada ao campo de Ravensbrück onde soportou toda clase de horrores ata que foi liberada polos aliados en 1945.



Enriqueta Otero

Mestra e guerrilleira antifranquista, presa vinte anos nos cárceres franquistas

Mestra comunista, sentenciada en 1944 a trinta anos de cárcere por rebelión militar. Pasará estes anos nos penais de Amorebieta, Segovia (onde participou nas folgas que reivindicaban melloras carcerarias), Guadalaxara e Alcalá de Henares, no que conseguiu a liberdade definitiva en 1965.

Ao saír da cadea recuperou parte das propiedades e perdeu outras. Abriu un longo contencioso-administrativo para ser rehabilitada como mestra nacional, o que conseguiu en outubro de 1974.

Morreu en 1989 e foi enterrada envolta na bandeira republicana, evocada como «a última guerrilleira galega, a **Pasionaria** do pobo galego».



A Bela Otero

Unha icona da Belle Époque europea

Naceu no mesmo ano en que a revolución chamada "A Gloriosa" estableceu no marco do estado español a democracia, o sufraxio universal e os dereitos do pobo obreiro e deu nacemento tamén á Primeira República e ao federalismo.

Como moitas mulleres galegas nesta época, Carolina foi filla de nai solteira. A súa nai tiña como oficio o de piñeira. Se Carolina non marchara de Galiza, seguramente a súa sorte e a súa vida pouco diferentes serían das da súa nai; mais a Bela Otero, ademais de fermosa, era unha muller intelixente e isto permitiulle acadar fama, espertar paixóns, acumular riqueza, aprender cultura e idiomas, cantar, bailar, participar en faladoiros literarios, dilapidar amores e paixóns masculinas, pagando o prezo, iso si, de morrer soa na Niza que ela tanto amara nos días de gloria.



Paz Parada Pumar

Médica pioneira

Paz Parada (1905-2005) inicia os estudos de medicina en Santiago (era a única muller), e logo trasládase a Madrid, onde se aloxa na Residencia de Estudantes. Especialízase en medicina de laboratorio e análises clínicas.

Durante a guerra civil viviu moi de cerca a represión (o seu marido foi represaliado e suspendido de emprego e soldo). Despois da guerra establecéronse en Ourense.

Paz Parada foi a primeira muller inscrita no Colexio Provincial de Médicos, unha muller que rachou tabús exercendo nun espazo que, daquela, "correspondía" aos homes.



Emilia Pardo Bazán

Unha muller que destacou nun mundo de homes

Moitos son os adxectivos aplicables a esta muller anticipada ao seu tempo que tiña a capacidade de non pasar inadvertida: escritora e xornalista prolífica, viaxeira infatigable, cosmopolita, políglota, feminista... Criticada por uns e admirada por outros, dona Emilia é pioneira en case todo.

É a autora do primeiro texto moderno feminista, a primeira muller nomeada Presidenta da Sección de Literatura no Ateneo de Madrid, a primeira nomeada Consejera de Instrucción Pública, a primeira muller catedrática de Literatura Contemporánea de Lenguas Neolatinas da Universidad Central de Madrid... En definitiva, unha muller que viviu e loitou como muller nun mundo de homes.



María Antonia Pereira de Andrade

Mística do século XVIII

Mª Antonia Pereira de Andrade (1700-1760) foi a fundadora do convento de Carmelitas Descalzas de Compostela a mediados do século XVIII. Coñecida como «a monxiña do Penedo», encóntrase en proceso aberto de canonización desde 1988.

Descendente dunha familia vinculada con algunhas das casas nobiliarias máis potentes da Galiza e Portugal, a súa figura suscita grande atractivo: polo feito de ser muller casada e nai de dous fillos que se converte á vida relixiosa e conventual, por liderar un proxecto de fundación relixiosa, e tamén por ser escritora mística reclamada por algúns autores para nutrir o canon literario galego cun posto recoñecido, situando como referente o lugar que Santa Teresa ocupa no canon español.



Nélida Piñón

Escritora. A primeira muller que presidiu unha academia literaria en todo o mundo

Nélida Piñón (1937), brasileira de nacemento, é filla de emigrantes da localidade pontevedresa de Cotobade. O seu libro *A república dos soños* (1984) trata da emigración que realizaron os seus avós desde Galicia ata Brasil, e de todas as penurias que sofren.

Foi presidenta da Academia Brasileira de Letras (a primeira muller que chegou a ser presidenta), e Premio Príncipe de Asturias das Letras no 2005.



María Pita

Heroína da defensa da Coruña contra os ingleses

En 1589 a Armada Inglesa, dirixida polo corsario Francis Drake, asediaba A Coruña, abriron unha brecha na muralla e comezaron o asalto da cidade vella, dirixidas por un alférez que portando a bandeira logrou subir á parte máis alta da muralla. María Pita matou ao alférez inglés, segundo a tradición berrando "Quen teña honra, que me siga", cousa que desmoralizou a tropa inglesa provocando a súa retirada.



Luz Pozo Garza

Poeta

Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) é membro numerario da Real Academia Galega e directora da revista *Nordés*. Publicou os poemarios: *O paxaro na boca* (1952), *Últimas palabras/Verbas derradeiras* (1975), *Concerto de outono* (1981), *Códice calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992), *Vida secreta de Rosalía* (1996)... Nuns tempos, os da posguerra, nos que a escrita literaria parecía cousa exclusiva de homes, ela abriulles camiño ás escritoras máis novas.



Jesusa Prado

Activista política exiliada

Nada a finais do século XIX en Ourense, con só 13 anos emigrou co pai a Cuba e púxose a traballar e a participar en actividades sindicais. Afeita a ese ambiente, cando regresou a España ingresou no PCE e participou nas grandes folgas obreiras de Asturias a comezos dos anos trinta. Foi detida e, aínda que despois a puxeron en liberdade, tras o golpe militar de 1936 volveu ao cárcere ata que os seus contactos de Cuba conseguiron levala para alá.

En Cuba desenvolveu un intenso labor político, destacou nas actividades da colonia galega en Cuba, participou activamente na revolución cubana e sempre encarnou o prototipo de muller loitadora e de firmes principios.



María Xosé Queizán

Escritora

Escritora galega de recoñecida traxectoria, pioneira dentro do feminismo español. Directora da revista *Festa da palabra silenciada* e, dende 1999, da colección "As Literatas" de Edicións Xerais de Galicia. Presidenta de FIGA (Feministas Independentes Galegas). Creadora e directora do Teatro Popular galego (1967).



Isabel Ríos

Militante comunista guerrilleira

Conmútanlle a pena pola de reclusión perpetua, mentres que o seu home, Manuel Calvelo era fusilado ese mesmo día. Isabel Ríos percorrerá distintos cárceres durante sete anos: Santiago, Saturrarán e Betanzos, e será posta en liberdade condicional en 1943. O acoso policial era incesante e Isabel decide marchar do país. Desde o exilio desenvolverá un intenso labor político fiel ás súas ideas comunistas.



Celia Rivas

A primeira camioneira do Estado español

Esta fisterrá herdou este oficio de seu pai, e conseguiu o carné xusto antes de comezar a Guerra Civil. Fundaría logo a empresa que leva o seu apelido. Tiña fama de ser a mellor compradora da lonxa fisterrá e que estaba dotada dun sensible instinto para os negocios, o que fixo dela unha muller emprendedora ao longo da súa vida.



Mabel Rivera

Actriz

Mabel Rivera (Ferrol, 1952) é actriz de teatro (*As alegres casadas, Compañía...*), televisión (*Pratos combinados, La Bella Otero...*) e cine (*El orfanato, Mataharis, Mar adentro...*). No 2005 obtivo o Premio Goya á mellor actriz secundaria por *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar.



Dolores Rodeiro Boado

Única galega documentada como escultora ata o século XX

A pesar dos poucos datos coñecidos da biografía desta compostelá nacida en 1853, pódese afirmar que foi unha pioneira, pois non só se atreveu nese momento do século XIX a dedicarse á súa paixón, a escultura, senón que chegou a ser a primeira artista en recibir unha pensión da Deputación da Coruña no ano 1881.

Foi tallista en madeira de imaxes relixiosas, que seguiron as normas de estilo de finais do século XIX, unha etapa frutífera a nivel escultórico en Galicia polo número de obras.



Luís Seoane: *"Emigrantes"* (Óleo sobre lenzo, 1963)

Manuela Rodríguez

A muller emigrante

A Manuela Rodríguez do cadro de Luís Seoane simboliza e homenaxea a todas as galegas que se viron obrigadas a emigrar nos anos da posguerra, anos de miseria e de fame. Moitos galegos e galegas saíron primeiro cara a América; a partir de 1960 aparece un novo destino, a Europa que se recupera da guerra: Suíza, Alemaña, Francia…



Hildegart Rodríguez

Educada para ser unha excepción

Segundo as declaracións da nai, aos 10 meses xa lle aprendía as letras cun crebacabezas e aos 11 meses falaba bastante ben; aos 22 meses xa lía e con 3 anos tocaba o piano e fixo o primeiro escrito.

Con 14 anos ingresou na universidade para estudar Dereito. Cando rematou, en 1932, puxo un bufete, aínda que a lei non lle permitía exercer ata cumprir os 21. Afiliouse ao Partido Socialista e á UXT. Hildegart comezou a facer campañas para difundir a euxénese, a maternidade responsable e a reforma da moral sexual, o voto feminino e o antimilitarismo.

O 9 de xuño de 1933, Aurora Rodríguez dálle morte á súa filla Hildegart. A arela de independencia desta última foi o motivo que levou a Aurora a matala. Condicionada pola paranoia que soportaba, non foi quen de respectar o éxito da súa obra. Aí tiña unha muller que DESEXABA SER LIBRE ata o final.



Aurora Rodríguez Carballeira

Final tráxico para un proxecto de emancipación e decisión total da muller

Aurora pasou da redención do proletariado á proposta de montar unha especie de comuna onde educaría as mulleres como seres especiais destinados a salvar a sociedade. Tras a morte do seu pai concibiu unha filla, á que ía a formar para que cumprise o seu gran soño: elevar o nivel persoal e social das mulleres.

Para procrear elixiu un home que nunca lle puidese reclamar a criatura, que fose ben formado fisicamente, que tivese un alto nivel intelectual e tamén inquietudes sociais. Cando estivo segura de estar preñada, marchou para Madrid e alí deu a luz a Hildegart.

Unindo os métodos pedagóxicos coa idea fixa que ela tiña, conseguiu formar unha obra á que puxo fin con dous disparos en 1933. Foi condenada a case trinta anos de cárcere, pero axiña pasou ao Psiquiátrico de Ciempozuelos en Madrid, onde morreu.



Carme Rodríguez de Legísima

Pintora

Carmen Rodríguez de Legísima (1858-1980) estudou Maxisterio en Madrid, profesión que nunca chegou a exercer, pois interpúxose un don que a fixo excepcional: a pintura. Mentres estuda fórmase como pintora de maneira autodidacta e pouco a pouco vai afianzando a súa vocación, que a convertería nunha das grandes creadoras do noso país.

Pintou ata os últimos días da súa existencia, cando a enfermidade a tiña inmobilizada do lado dereito e chegou a aprender a pintar coa esquerda para seguir creando. As súas obras caracterízanse por un colorido forte e unha pincelada grosa. Dous serán os temas máis recorrentes: o retrato e o bodegón. En 1987 créase o Premio de Mulleres Pintoras que leva o seu nome e que permite seguir lembrando a súa figura.



Mercedes Ruibal

Polifacética artista cun intenso mundo interior

Mercedes Ruibal (1928-2003) emigra a Bos Aires con vinte anos, e alí comezaría a pintar baixo os consellos e a guía de Laxeiro. Alí realiza a súa primeira exposición (1956). No ano seguinte retorna a Galicia, e expón en Vigo, á que seguirán outras exposicións en Madrid, Florencia, Roma... A súa traxectoria partiu das iniciais influencias de Laxeiro, e do gusto por un primitivismo arcaizante e *naif*, ás formas dun románico popular cun acusado acento expresionista.

Foi tamén escritora de arrebatado ímpeto creativo. O seu libro *Confesiones de una volatinera con bragas de repuesto al dorso* (1978) constitúe unha interesante achega literaria.



Ángela Ruíz Robles

Mestra, escritora e inventora no eido da didáctica

A súa constante inquedanza didáctica e pedagóxica levouna a camiñar pola senda da inventiva. Neste eido, practicamente ermo en canto á presenza de mulleres españolas ata a década de 1970, dona Ánxela deseñou a máquina taquimecanográfica, un mapa e atlas lingüístico gramatical e unha enciclopedia mecánica, cos que obtivo abondosos recoñecementos e premios nos certames celebrados nas cidades de Zaragoza, Xixón, Barcelona, Madrid, París e Xenebra.



Concepción Sáiz Otero

Pedagoga e escritora de finais do XIX

Concepción Sáiz Otero (1851-1934) estivo sempre comprometida coa renovación pedagóxica e co papel que lle correspondía á muller na sociedade. Neste sentido, a educación das mulleres foi unha das súas preocupacións expresas, manifestando as súas ideas nas clases que imparte e nos congresos en que participa.

En 1909 pasa a formar parte do profesorado da Escuela de Estudios Superiores del Magisterio, posto de difícil acceso para as mulleres, onde chega a ocupar a dirección da Sección de Alumnas e a impartir materias como literatura xeral e lingua e literatura españolas.

A súa preocupación pola superación educacional da muller lévaa a tratar o tema da educación das mulleres tanto a través da súa participación en distintos eventos de carácter científico como da súa colaboración en revistas e xornais. Deixou escrita unha abundante obra sobre temas pedagóxicos.



María Soliña

Condenada pola Inquisición, converteuse no símbolo do sufrimento do pobo

No ano 1617 Vigo e mais a península do Morrazo foron atacadas por naves turcas, que deixaron unha gran devastación e numerosas vítimas. As mulleres tamén defendían as costas dos ataques piratas e moitas veces foron violadas e torturadas, ademais de roubadas. Posteriormente a estes feitos varias das mulleres que organizaron a resistencia nas costas do Morrazo foron acusadas de bruxería ante o Tribunal da Inquisición. Deste xeito, querían facerse coas súas pertenzas.

María Soliña foi unha destas mulleres. Foi detida e morreu a causa das torturas, convertendose así nun símbolo do sufrimento do pobo.



Xohana Torres

Escritora

Xohana Torres (Santiago de Compostela, 1931) é unha referencia na historia da literatura galega da segunda metade do século XX. Forma parte daquelas xeracións de escritores que, comprometidos coa lingua nos difíciles anos da ditadura franquista, contribuíron á normalización da literatura galega tocando todos os xéneros. Ingresou na Real Academia Galega no ano 2001.

É autora dun verso convertido en divisa da reivindicación feminista, "EU TAMÉN NAVEGAR".



Beatriz Sotelo

A primeira muller gañadora do concurso “Cocinero del Año”

Beatriz Sotelo, cociñeira do restaurante A Estación (Cambre, A Coruña), gañou o concurso “Cocinero del Año” (2008), que tivo lugar en Barcelona no marco de Alimentaria, despois de impoñerse a sete homes na final de Barcelona e a outros oito na semifinal de Xixón.



Urraca I de León e Castela

A primeira monarca titular na historia de España

Condesa de Galicia, raíña de León e Castela e emperatriz de España, Urraca I de León e Castela (1081-1126) tivo que enfrontarse, dende un principio, á súa condición de muller como consecuencia da obsesión paterna por ter un fillo varón que non chegaba.

Coa morte do seu irmán Sancho chegou o lexítimo recoñecemento como herdeira do trono leonés por parte de Afonso VI, que así o deixou dito antes de finar. No seu reinado tivo que facer fronte a multitude de problemas: a reconquista dos territorios musulmáns, a disputa de áreas de influencia con Afonso I de Aragón, con Henrique e Teresa de Portugal, cos bispos e abades de todo o reino, e cos nobres de Castela, León, Asturias, Galicia e Portugal.



Uxía

A voz do Atlántico

Máis de vinte anos de carreira artística convértena nunha das voces máis populares e valoradas da nosa lingua. As súas cancións teñen sempre a presenza latente ou explícita da música tradicional, cun tratamento anovador e persoal.

Despois de pertencer aos grupos Foliada e Na Lúa, en 1991 emprende un camiño en solitario, ofrecéndonos traballos como *Entre cidades*, *Estou vivindo no ceo, Danza das areas, Eterno navegar...*

A súa paixón pola mestizaxe lévaa a colaborar con artistas como Rasha, María Salgado, Dulce Pontes, Noa...



Olimpia Valencia

Médica xinecóloga. A primeira doutora galega

Olimpia Valencia (1898-1987) estudou primeiro Maxisterio e despois Medicina, licenciándose en 1925 con premio extraordinario e dezanove matrículas de honra. Fai o doutoramento en Madrid; alóxase na Residencia de Estudiantes, na que imparte clases de cultura xeral ás residentes. En 1928 trasládase a Vigo, onde puxo en marcha un consultorio de medicina xeral e de xinecoloxía, non sen dificultades ao principio pola súa condición de muller.

Foi unha muller de ideoloxía de esquerdas, comprometida co seu país e co seu xénero. Participou en actos públicos a prol do Estatuto de Autonomía de 1936; por estes motivos, durante a guerra civil, foi detida en 1937 e acusada de galeguista.



Avelina Valladares

Escritora na Galiza do século XIX

Avelina Valladares é unha pioneira na literatura galega, xa que é das primeiras mulleres (se non a primeira) en publicar artigos que hoxe chamariamos de opinión na prensa escrita, así como unha adiantada ao empregar a lingua galega nalgúns dos seus poemas.

Porén, debemos lamentar o peso dos preconceptos sociais no XIX (aínda hoxe vixentes nalgúns casos) que fixeron que Avelina Valladares non concedese importancia á súa obra escrita: a maior parte dela nin a entregou ao prelo e incluso opinaba da súa poesía que eran «farrapos [...] que nada valen e só serven para descansar na nosa biblioteca de familia».



María Valverde

Aplaudida nos escenarios máis prestixiosos de Europa e América

Esta compostelá de gran talento musical destacou durante a primeira metade do século XX como cantante clásica e tamén foi introducindo no seu repertorio canción tradicional galega. Tras a Guerra Civil tivo que exiliarse en América, onde continuou coa súa arte.



Concha Vázquez

Pintora

A pintora compostelá Concha Vázquez (1906-1971) destacou pola súa innata capacidade para transmitir a alma dos seus modelos, mantendo unha fidelidade plena á realidade pero cun estilo novo.

A súa obra caracterízase por un forte humanismo que consegue transmitir cun estilo orixinal e, sobre todo, a través da plasmación dos ollos dos modelos, sempre cheos de vida, que se converterá na característica destacada por todos os que analizaron a súa obra.



Pura Vázquez Iglesias

Poeta no exilio da posguerra

Pura Vázquez (Ourense, 1918-2006), muller pouco convencional que soubo crear un profundo mundo poético.

Desde moi cedo dedicarase profesionalmente á docencia e igual que moitos/as intelectuais da época decide emigrar a América e en 1955 pisa chan venezolano. En 1969 regresa á Península onde desenvolve un intenso labor como escritora e mestra.

Foi a primeira muller que comezou a publicar en galego nos xornais e revistas de Galicia e da emigración tras a Guerra Civil. Tamén foi unha das pioneiras no eido da literatura infantil e xuvenil.



Juana Mª de Vega

Promotora de conspiracións políticas liberais e de novas propostas sociais no XIX

Casada con Francisco Espoz y Mina, antigo guerrilleiro durante a Guerra da Independencia e capitán xeneral de Galicia dende 1821, a súa casa foi un espazo de liberdade para a conspiración e a discusión políticas. A ela acudían con regularidade os máis importantes progresistas coruñeses, como algúns dos implicados no Levantamento de 1846.

Ao progreso da patria dedicou toda a súa vida, se ben desde mediados dos anos 50 buscou outros ámbitos: a beneficencia (creando asociacións para o coidado de nenos orfos e de enfermos), e a educación (fundando e financiando unha escola para nenos pobres e unha escola gratuíta para adultos).



Mercedes Vieito

Mestra, xornalista e amante da xustiza social

Mercedes Vieito (1887-1967) naceu e morreu en Cuba, filla de emigrantes galegos. A súa inquietude vocacional levouna de moi nova a iniciar os seus primeiros pasos como periodista na revista *Galicia*, en 1903. Colaborou tamén en *Eco de Galicia*, da que foi directora desde 1934 ata 1936.

Defendeu sempre os sectores máis humildes, impulsou a creación de escolas e bibliotecas nas aldeas galegas e impulsou o movemento agrarista da década de 1910, contra a oligarquía e o caciquismo. Ademais de xornalista, exerceu ao mesmo tempo de mestra, creando unha escola para o ensino primario de nenos de ambos os sexos.



Maruxa Villanueva

"A raíña do alalá". Cantante e actriz

Desenvolveu un gran labor como cantante e actriz, tanto na Península como en América, onde estreou entre outros títulos *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, coa compañía teatral de Varela Buxán, o seu esposo. Maruxa Villanueva puido regresar á súa terra cando o máis duro da posguerra rematara e desenvolveu un amplo labor cultural por exemplo recuperando a figura de Rosalía de Castro e ocupándose de restaurar a casa da autora e pór en marcha o museo.



Luísa Villalta

Escritora e violinista, destacou polo seu compromiso social

Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004) foi unha escritora prolífica e versátil; autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas e textos xornalísticos en lingua galega. Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural.

Na súa obra tamén estivo presente a consciencia de ser muller, de vivir nunha sociedade onde os homes e as mulleres están marcados de maneira moi diferente polo feito de selo.



Marisa Villardefrancos

A Emily Brontë galega

Marisa Villardeferancos (1915-1975) foi unha das escritoras máis coñecidas da década dos cincuenta, principalmente porque as súas obras circularon neses circuítos populares como foron os quioscos (na publicación *Chicas* e nas novelas da «Biblioteca de Chicas») e a radio (nas famosas radionovelas que emitiu a Cadena SER).

Destacou por sortear a censura e presentar, baixo unha aparencia de novela rosa, unhas protagonistas femininas tremendamente actuais, que exercían profesións liberais fortemente independentes en escenarios conflitivos como os do Ulster ou os da Segunda Guerra Mundial, coas que demostrou unha fonda e ampla cultura xeral.



María Vinyals

A Marquesa Vermella (1734-1808)

Foi coñecida como Marquesa Vermella polas súas ideas progresistas. Nos seus escritos espallados en revistas amósase como unha firme defensora dos dereitos das mulleres: defende a elevación do seu nivel intelectual, reclama para elas o dereito a voto e reivindica a igualdade xurídica de homes e mulleres. No labor sociocultural significouse como conferenciante e publicista e incidiu na maior parte desta actividade na temática feminista.

María Vinyals foi unha adiantada do seu tempo, e en 1906 a Real Academia Galega nomeouna académica correspondente, xunto a outras trece escritoras.



Isabel de Zendala y Gómez

A primeira enfermeira de saúde pública internacional

A principios do século XIX participa na Real Expedición Filantrópica da Vacina da Varíola. Foi a única muller nesta expedición de saúde pública, a máis extraordinaria da historia da humanidade, e, a pesar de constituír un dos piares esenciais no seu éxito, é a grande esquecida nunha historia escrita por e para homes.

Esta expedición foi patrocinada por Carlos IV e tiña o obxectivo de levar a vacina ás colonias españolas en América. Parte do porto da Coruña a bordo da corveta María Pita, conta cun equipo médico e con 22 crianzas do hospicio da Coruña, no que Isabel ocupaba o cargo de reitora. Acompaña estas crianzas na expedición, e responsabilízase do seu coidado e atención.

Isabel nunca retornou desta expedición e suponse que morreu en México. Curiosamente, neste país o premio ao mérito en enfermaría instituído polo Goberno leva o seu nome e apelidos desde 1975.